



Modelo característico do rural galego, capaz de traballar con implementos agrícolas e tamén con pa cargadora frontal e ampla visibilidade desde o posto de condución

O tractor "galego"

Neste artigo ofrécese un percorrido polo parque de tractores existentes no campo galego na actualidade con base nos principais condicionantes á hora de adquirilos, características, estado, perfil e usos prioritarios nos labores agrícolas e gandeiros desta comunidade.

Ángel Pérez
Xornalista agrario

As peculiares características do agro galego non permiten definir un tractor tipo. No parque de máis de 165.000 unidades que, segundo o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), había nesta comunidade en 2018 –dato máis que cuestionable e que, probablemente, non se axuste á realidade–, poden observarse grupos de modelos de perfil moi diferente.

Segundo a zona, podemos atoparnos desde poderosas unidades na

franja dos 300 CV de potencia de motor e equipadas cos últimos avances tecnolóxicos, ata vetustos tractores mecánicos, carentes de sistemas de seguridade, que son os preferidos para determinados labores e que, por diferentes circunstancias, non son substituídos.

Se non se afonda nos números, é fácil sorprenderse se comparamos eses 165.000 tractores en activo (57 CV de potencia media) coa superficie para o aproveitamento agrícola, que supón ao redor dun terzo do territorio. Con todo, a diferenza do que pode suceder noutras rexións españolas, a orografía, a parcelación, a climatoloxía e o policultivo xogan un papel determinante.

O campo galego relaciónase historicamente con granxas de vacún de leite e/ou carne, un sector que nos últimos tempos vive un profundo proceso de transformación coa desaparición de pequenos produtores. Catro anos despois da supresión das cotas lácteas estímase que unhas 1.600 explotacións das 8.000 existentes botaron o peche.

Isto ten a súa incidencia na forma de mecanizar a actividade. O perfil do produtor evoluciona cara a negocios de maior tamaño, onde a parte agrícola ten tamén unha importancia notable. Os equipos de traballo deben estar dimensionados en función das necesidades e entran en xogo diferentes factores desde un punto de vista empresarial.

Atrás quedan outros condicionantes de tipo persoal vinculados aos negocios familiares para situar no centro a rendibilidade, co cal se analizan moitas variables no momento de seleccio-

► A DIFERENZA DO QUE PODE SUCEDER NOUTRAS REXIÓNS ESPAÑOLAS, A OROGRAFÍA, A PARCELACIÓN, A CLIMATOLOXÍA E O POLICULTIVO XOGAN UN PAPEL DETERMINANTE



Vetusto tractor sen cabina

nar a máquina: potencia requirida, tempo de traballo, actividades a realizar, equipamento, perfil da persoa que vaia utilizala, mantemento, prezo, valor residual etc.

NECESIDADE DE REXUVENECIMENTO DO PARQUE

Tristemente, Galicia destaca por un incesante número de accidentes vinculados ao medio rural, que leva a vida de ao redor dunha vintena de persoas cada ano.

É innegable que esta desgraciada situación se ve favorecida pola orografía, a climatoloxía e unha rede viaria marxinada e esquecida en demasiados tramos, pero é igualmente salientable que o condutor do tractor ten a súa parte de responsabilidade, ao non ser consciente en cada momento das capacidades da máquina que pilota e do estado do chan sobre o que se despraza (tempero), ademais dun uso abusivo do freo independente. ►►

NUEVO T5 DYNAMIC COMMAND™
PREPÁRATE PARA LA EFICIENCIA
CON LA MÁXIMA VISIÓN.

DISFRUTA DE LA MAYOR VISIBILIDAD, MAYOR CONFORT Y MAYOR PRODUCTIVIDAD CON EL CONSUMO DE COMBUSTIBLE MÁS REDUCIDO.

- Transmisión Dynamic Command 24x24 con 8 bajo carga para una eficiencia imbatible
- Sin competencia en su segmento: nuevo techo de visibilidad mejorada, control total de la pala
- Reposabrazos SideWinder™ II para una conducción intuitiva y un funcionamiento preciso
- Potente motor NEF de 4.5 litros y 140CV de Fase V

NUEVO T5. LA EXPERIENCIA DE CONDUCIR UN AZUL.

NEW HOLLAND TOP SERVICE 00800 64 111 111* ASISTENCIA E INFORMACIÓN 24/7.
*La llamada es gratuita desde teléfono fijo. Antes de llamar con su teléfono móvil, consulte tarifas con su operador

www.newholland.es

NEW HOLLAND
 AGRICULTURE



A maquinaria antiga, e sobre todo non conservada convenientemente, é a orixe de moitos accidentes



Tractor estándar de máis de 400 CV segando unha parcela lucense

Máis da metade das vítimas mortais en accidentes de tractor en Galicia superan os 65 anos: o 92 % son homes xa xubilados que realizaban traballos en terreos da súa propiedade. Con este panorama, os 716 novos tractores inscritos en 2018 é de xeito evidente un volume moi baixo de renovación do parque. Paralelamente, o mercado do usado, incluíndo os que entran de importación, ofrece valores superiores.

TRACTORES ESTÁNDAR

É un protagonista esencial da paisaxe rural galega. Practicamente calquera leira ou explotación dispón dun, máis ou menos antigo, en mellores ou peores condicións de utilización, pero aí está, deixándose ver e a punto para realizar as múltiples e variadas operacións que esixen a agricultura e a ganadería.

O tractor estándar, chamado así pola súa arquitectura convencional, con rodas desiguais, de sim-

ple ou dobre tracción (2 ou 4 RM) e de anchura considerada normal, pode arrincar no sector agro desde modelos con 40 CV de potencia de motor ata os que se sitúan por riba dos 400 CV.

Establecer un modelo “tipo” en Galicia non sería correcto. En función da idade, o nivel de prestacións cambia substancialmente e, dado que o parque está moi envellecido, con numerosas unidades que superan os 20 anos de vida, podemos atopar tractores de toda índole nos que o dato da potencia non cobra tanta relevancia, en favor da transmisión, do sistema hidráulico, da estrutura e do mesmo peso en baleiro.

Un elemento moi importante neste tractor é o sistema de enganche de apeiros suspendidos, pois en épocas de alta actividade é fácil que o tractorista cambie de apeiro tres ou catro veces durante a xornada laboral. Se o vehículo non dispón de enganches rápidos,

o tractorista opta en ocasións por aumentar o seu parque, tendo os apeiros máis usados enganchados en distintos modelos.

TRACTORES PARA SILVICULTURA

No monte son tamén moitos e moi diferentes os traballos a desempeñar coa madeira. Galicia goza dunha superficie forestal arborada de máis de 1.400.000 hectáreas, o que representa o 48 % de todo o territorio. Delas, máis de 120.000 corresponden á superficie forestal certificada, segundo datos da Xunta.

A maior rendibilidade respecto doutras alternativas agrícolas outorgou un protagonismo crecente a árbores coma o eucalipto, moi abundante na paisaxe galega. Os traballos con madeira requiren un tractor adaptado, con proteccións específicas ou mesmo reformas para gañar en robustez, con gran potencia de tracción ás catro rodas, e soportar elevadas capacidades de carga. ➤➤

Dous potentes equipos específicos para traballos no bosque; á dereita, con cabina xiratoria



► NO BOSQUE COBRAN PROTAGONISMO OS TRACTORES FORESTAIS ARTICULADOS, QUE REDUCEN O RAIO DE XIRO MALIA AS SÚAS DIMENSIÓNS



Os traballos silvícolas demandan tractores robustos, ben equipados, de potencias variadas

Son máquinas pensadas tamén para enganchar na parte traseira remolques forestais ou implementos moi utilizados, como os guindastres de alcance conectados que manexan troncos ou conxuntos de troncos cun gran peso, o que require dunha grande estabilidade, a máis diso unha capacidade suficiente do sistema hidráulico. O tractor forestal pode traballar tamén xunto a unha procesadora, un cabezal de corte incorporado a un brazo frontal que agarra o tronco para efectuar as funcións requiridas, desde o corte ata o esmizado ou mesmo a preparación para o transporte.

As peculiares características que presentan as tarefas forestais provocan tamén a aparición de equipos moi particulares, coma os tractores forestais autocargadores, que supoñen a unión de dous vehículos coas súas respectivas funcións, polo que gañan batalla (distancia entre eixes) facilitando o almacenamento e o transporte dunha carga maior, así como o movemento con determinados implementos.

E é que a manobrabilidade é un factor clave no bosque. Por iso, neste espazo cobran protagonismo os tractores forestais articulados, que reducen o raio de xiro a pesar das súas dimensións, xa que estamos ante máquinas de elevada potencia.

Finalmente, non pode deixar de apuntarse a importancia decisiva do sistema de rodaxe. As pendentos con altísimas porcentaxes, os terreos irregulares con abundancia de restos de materiais ou mesmo as adversas condicións ambientais que poden atoparse no monte fan que os pneumáticos tradicionais lles deixen máis espazo ás bandas de goma e ás cadeas metálicas, que reducen os esvaróns, aínda que é certo que poden supoñer un hándicap se debe saír a vías asfaltadas.

Á marxe destas opcións, máis enfocadas a grandes produtores, hai silvicultores de menos tamaño que reclaman un tractor compacto de 4RM, ou con desprazamento sobre cadeas, con potencia entre 60 e 120 CV, anchura de vía exterior non ►►

superior a 2,20 m, tripuntal dianteiro, inversor e mesmo posto de condución reversible en segundo que circunstancias.

TRACTORES “ESPECIAIS”

Máis de 10.000 hectáreas de viñado repartidas en cinco denominacións de orixe (Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro e Valdeorras) e tres indicacións xeográficas protexidas de Viños da Terra (Betanzos, Val do Miño-Ourense e Barbanza e Iria) constitúen a superficie destinada en Galicia a un cultivo que require un tractor cunhas características moi específicas, pero non moi diferentes aos dispoñíbles noutras rexións produtoras.

Ademais, ao longo e ancho da comunidade abundan as leiras frutícolas, con distintos tipos de cultivos adecuados ás características de cada zona, que demandan tamén un tipo de tractor capaz de ofrecer as mellores prestacións para obter os rendementos desexados.

No caso dos tractores “especiais”, os profesionais valoran a manobrabilidade e sinxeleza de uso, cun deseño e unhas dimensións adecuadas para acceder ás rúas e traballar por elas con solvencia e anchura de pouco máis de 1 metro, raio de xiro por baixo dos 3 metros, centro de gravidade moi baixo e distancia entre eixes (batalla) de ao redor de 2 metros. Son tractores cun rango de potencia de 50-100 CV, motores de 3 ou 4 cilindros e unha relación peso/potencia de preto de 30 kg/CV.

Os modelos froiteiros son máis polivalentes, mentres que os viñateiros destacan pola súa reducida anchura, baixa altura e limitacións en pneumáticos e en cabina. Os primeiros poden ser suficientemente estreitos para traballar en viñas en espaleira a anchura convencional e coa potencia necesaria para montar un elevador frontal ou un cargador. O traballo de tracción reduciuse, polo que a potencia do motor depende da necesaria na toma de forza para o accionamento de equipos de aplicación de fitosanitarios ou implementos para a preparación do terreo ou triturado.

En xeral, son modelos de dobre tracción que, no caso dos froiteiros, poden tamén servir de apoio en situacións concretas, como ladeiras, horticultura ou mesmo en oliveiral. O seu principal inconveniente, sobre todo nos viñateiros, é a comodidade no posto de condución. O túnel de transmisión orixina chans non planos na cabina, algo que nalgún modelo recentemente chegado ao mercado comeza a solucionarse, aínda que ao seu favor xoga a visibilidade e a maior sensación de control do traballo que outorga a proximidade ao chan. Adoitan dispor dun sistema hidráulico capaz de ofrecer o caudal suficiente para a potencia considerada, así como tomas hidráulicas externas.

Aínda que as versións de plataforma abundan nas viñas galegas, especialmente nos cultivos emparados, a cabina é un dos elementos destes tractores que mellor reflicte a súa evolución nos últimos tempos. ►►

► OS FABRICANTES OFRECEN XA CABINAS CON AMPLA SUPERFICIE ACRISTALADA, PARA MELLORAR A VISIÓN A 360° E, ESPECIALMENTE, NA PARTE SUPERIOR, PARA TER EN TODO MOMENTO UN CONTROL PRECISO DA PA



Os tractores viñateiros son especialmente estreitos e en ocasións non de todo cómodos para o condutor, aínda que os fabricantes están a ofrecer solucións neste sentido



Unha cabina segura que cumpra a normativa vixente en termos de emisións é fundamental para os traballos de aplicación en cultivos frutícolas

► PODEMOS ATOPAR TRACTORES DE TODA ÍNDOLE NOS QUE O DATO DA POTENCIA NON COBRA TANTA RELEVANCIA, EN FAVOR DA TRANSMISIÓN, SISTEMA HIDRÁULICO, ESTRUCTURA E, INCLUSO, PESO EN BALEIRO



Moitos dos tractores utilizados en Galicia combinan tarefas agrícolas e gandeiras

Ademais de ofrecerlle seguridade ao usuario ante calquera imprevisto, hai algunhas alternativas idóneas para realizar con éxito, e de novo con seguridade, os traballos de aplicación de produtos fitosanitarios, con niveis de ruído mínimos, filtro de aire e presurización.

TRACTORES PARA USO MIXTO

É un tipo de tractor estendido en Galicia onde abunda a figura do agricultor/gandeiro, que require unha máquina cun grao de tecnificación non excesivamente elevado, pero si capaz de realizar funcións moi diversas, propias dunha explotación agropecuaria, desde labores de cultivo ou aplicacións de fitosanitarios en viñas ou froiteiros, sementeira de hortalizas, labores de transporte ou alimentación do gando, ademais doutras tarefas, como limpeza de currais, construción de silo, movemento de terra etc.

A pa cargadora frontal é unha ferramenta practicamente inseparable, polo que é preferible contar cun siste-

ma de axuste rápido de implementos segundo o traballo a realizar (cazo, cortasilos, pinzas etc.). Tamén cobrou importancia nos últimos tempos a visibilidade desde o posto de condución e os fabricantes ofrecen xa cabinas con ampla superficie acristalada, para mellorar a visión a 360° e, especialmente, na parte superior, para ter en todo momento un control preciso da pa.

Neste tipo de explotacións manéxanse materiais en condicións e zonas moi diferentes, polo que a manobrabilidade xoga un papel determinante, en función tamén do nivel de capacitación do condutor. Á vez, debe ser un vehículo que permita minimizar o tempo operativo para alimentar unha maior cantidade de animais con menor custo de investimento.

Outra característica importante para este tipo de tractor en funcións mixtas é dispor de dobre tracción, para ter o eixe dianteiro reforzado, ademais dunha mellor suxeición en terreos difíciles. ►►

É conveniente que dispoña dunha marcha ultralenta para elevar o nivel de seguridade e de precisión durante as manobras de aproximación aos lugares de descarga e, igualmente, que conte con inverterdor de marcha para poder cambiar o sentido de avance sen necesidade de pisar o embrague, o que diminúe a fatiga e aumenta a vida útil do tractor, cuxo rango de potencia pode oscilar desde os 50-60 CV nos modelos máis antigos, aínda moi abundantes no rural galego, ata os 115-120 CV das novas gamas presentadas por algunhas marcas.

MANIPULADOR TELESCÓPICO

Hai varios lustros xurdiu o que parecía unha alternativa nas explotacións agropecuarias ao tradicional tractor con pa cargadora frontal. Despois dalgúns altibaixos na súa comercialización, parece asentado como complemento ao tractor, aínda que en ocasións constitúe a ferramenta principal de traballo.

O cargador ou manipulador telescópico é outro dos vehículos predominantes nas explotacións galegas, especialmente as que realizan algún tipo de actividade gandeira, aínda que as súas funcións van moito máis alá. Parecen o competidor do clásico tractor con pa cargadora frontal, pero a súa polivalencia é aínda maior, de aí a aceptación da que gozan entre moitos profesionais.

Un dos argumentos que xogan ao seu favor é a accesibilidade. A súa capacidade de compactación e unhas medidas axustadas, que se aproximan aos 2 metros de anchura e aos 4 metros de lonxitude, outórganlle unha manexabilidade moi valorada nas zonas de espazo reducido ou acceso limitado, como pode ser un establo ou un almacén. En función do fabricante e das necesidades do usuario pódese personalizar a altura da cabina, cunhas rodas traseiras, cuxo tamaño máis frecuente é 20 ou 24 polgadas.

O brazo telescópico é a súa arma diferencial: esténdese e retrae, posibilidade de extensión cara a adiante e cara a arriba, e axuste de distintos tipos de implementos. Para un control máis cómodo, poden ofrecer rodas directrices dianteiras para labores de transporte, dobre tracción que facilita a mobilidade nas áreas de traballo e

mesmo a versión “cangrexo” con desprazamento lateral en situacións de espazo reducido.

O mercado ofrece manipuladores telescópicos con cabina fixa e un brazo telescópico, que poden ser compactos cunha capacidade de elevación ao redor das 2,5 toneladas e un alcance de entre 3,5 e 5,5 metros. Estes manipuladores telescópicos poden alcanzar ata 10 metros e levantar ata 4 toneladas. Tamén están os manipuladores telescópicos de elevación capaces de alcanzar os 17 metros e levantar entre 3,5 e 4 toneladas, e os manipuladores telescópicos de carga, que varían entre os 5.000 e os 7.000 kg de peso, que alcanzan ata 10 metros de altura. Ademais, existen os manipuladores telescópicos xiratorios, con cabina e brazo telescópico capaces de ofrecer un movemento a 360° co corpo da máquina fixo.

Especificamente para labores agrícolas, un dos fabricantes presentes neste segmento de mercado ofrece a posibilidade de incorporar toma de forza nos seus manipuladores telescópicos.

En calquera caso, a elección do modelo dependerá do tipo e do tamaño de carga, para o que se debe ter en conta o espazo de traballo, tipo de terreo, raio e altura, así como o tipo de carga, o espazo necesario para a correcta implementación dos estabilizadores e os implementos a axustar, sempre para realizar un traballo correcto e seguro. ■

► GALICIA DESTACA POR UN INCESANTE NÚMERO DE ACCIDENTES VINCULADOS AO MEDIO RURAL, QUE LEVAN A VIDA DE AO REDOR DUNHA VINTENA DE PERSOAS CADA ANO



O manipulador telescópico consolidouse como unha ferramenta de traballo moi estendida, sobre todo en explotacións agropecuarias